

XII CONGRESO da AIEG
Novos horizontes para unha Galicia global
10-15 setembro 2018

LIBRO DE RESUMOS **do XII Congreso** **da AIEG**

(Madrid, 10-15/09/2018)

Carmen Mejía Ruiz (dir.)
Ricardo Pichel | Ana Acuña (eds.)

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

<https://www.aieg18.com/>

Panel 7 | Literatura infantil e xuvenil. Feminismo

(D-02, 16:15h)

Pioneiras da Literatura infantil e xuvenil

Begoña REGUEIRO SALGADO (coord.)
Universidad Complutense de Madrid

Alexia DOTRAS BRAVO
Instituto Politécnico de Bragança

Marta NEIRA RODRÍGUEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Montse PENA PRESAS
Universidade de Santiago de Compostela

Lidia LÓPEZ TEIXEIRO
Universidad Complutense de Madrid

Desde os anos 40 até os 90 o contexto sociocultural e literario da LIX en galego e en feminino presenta, como todo o contexto sociocultural galego, unha serie de fitos en canais de expresión e situacións singulares. A análise destes fitos, especialmente desde os 70 coa apertura cultural e algúns apoios políticos, institucionais, divulgativos e dos medios, servirá como marco deste panel sobre pioneiras na LIX galega, no que se explorarán os vencellos que cinguiron feminismos e LIX no caso da literatura galega, e o xeito en que o feminismo influíu nos textos literarios infantoxuvenís. Así mesmo, dende esta perspectiva feminista, analizarase a obra das mulleres pioneiras neste ámbito literario. En primeiro lugar, con especial atención ás entrevistas, a partir da análise de textos xornalísticos sobre mulleres escritoras con produción infantil e xuvenil en galego entre os anos 60 e 80, procurarase identificar a presenza de lugares comúns ou motivos recorrentes nestes traballos. A continuación estudarase a produción das autoras pioneiras, non só no caso das escritoras, senón tamén cunha aproximación ao labor das mulleres que comezaron a ilustrar obras en lingua galega para os máis novos, das tradutoras que verteron ao galego textos procedentes doutros sistemas literarios, e daquelas mulleres que exerceron a investigación e a crítica da Literatura infantil e xuvenil galega desde os seus inicios. Para

rematar, faremos unha análise minuciosa da obra infantil de Xohana Torres, unha das pioneiras mencionadas, que servirá para exemplificar o visto anteriormente.

Palabras chave: literatura infantil e xuvenil, pioneiras da LIX, LIX en feminino, feminismos, autoras, tradutoras, ilustradoras, investigadoras.

I. Algunhas claves contextuais das circunstancias histórico-culturais das pioneiras na LIX (Alexia Dotras Bravo)

A literatura infantil e xuvenil galega desenvólvese no século XX e as mulleres autoras, como en todos os ámbitos do saber, destacan polo seu labor de resistencia, a contracorrente ou de actuación illada –e por iso destacada– na sociedade que lles tocou vivir. Desde a década dos 40 coas primeiras obras de Pura e Dora Vázquez, malia non ser todas en galego, até os anos 90, unha serie de autoras (as devanditas irmás, Xohana Torres, Úrsula Heinze, María Victoria Moreno, etc.) viviron nunha Galicia e nunha emigración que merece ser contextualizada desde a perspectiva teórica, sociocultural e literaria. Estes territorios transitados polas mulleres son marcados por posicións de resistencia á ditadura, como tantas outras manifestacións artísticas, polo simple feito de seren mulleres intelectuais e por dedicárense á literatura infantil e xuvenil en galego. Desde os setenta coa apertura cultural e os apoios políticos e institucionais, a LIX presenta, como todo o contexto sociocultural galego, unha serie de fitos en canais de expresión e situacións singulares que servirán como marco do panel sobre pioneiras na LIX galega.

II. A pegada dos feminismos na LIX galega: das autoras pioneiras aos textos de hogaño (Montse Pena Presas)

O movemento feminista galego foi un dos primeiros ámbitos nos que a literatura infantil e xuvenil no idioma propio foi abordada de maneira crítica, xustamente porque a coeducación era unha das preocupacións principais das mulleres que integraban dito

movemento e os libros infantoxuvenís se entendían como interesantes instrumentos para acadar a igualdade nas aulas. Os obxectivos desta intervención son tentar explorar brevemente cales foron os vencellos que cinguiron feminismos e LIX, pescudar se as obras das autoras pioneiras influíron en obras literarias posteriores e, sobre todo, analizar como esta corrente social influíu nos textos literarios ao longo das catro etapas que teño enunciado noutros traballos (Pena 2014 e 2018): etapa inicial (1927-1980), etapa militante (1981-1989), etapa de xeralización de protagonistas nenas e mulleres (1990-2005) e etapa actual (2006-2010), a confluencia dos feminismos e outras subxectividades nas marxes. Cada un destes períodos será exemplificado cunha obra que se considere prototípica das pegadas que o movemento deixou nos textos, de maneira que se poida comprobar se o labor das autoras pioneiras –que serán abordadas polas outras compañeiras investigadoras neste panel– tamén calla nos textos posteriores.

III. Minimizada. Autoras e discursos hexemónicos na LIX (Lidia López Teixeira)

A presenza e o tratamento desigual nos medios de comunicación das producións dos escritores e escritoras de LIX puido contribuir á invisibilización da obra feminina, a través de estratexias discursivas particulares. Con especial atención ás entrevistas, a partir da análise de textos xornalísticos sobre mulleres escritoras con produción infantil e xuvenil en galego entre os anos 60 e 80, procurárase identificar a presenza de lugares comúns ou motivos recorrentes nestes traballos, co fin de establecer, se for posible, comparación cos discursos sobre os seus homólogos masculinos e facer unha aproximación ás desigualdades entre un grupo e outro.

IV. Autoras, ilustradoras, tradutoras e investigadoras pioneiras na LIX galega (Marta Neira Rodríguez)

Despois dun recordatorio breve do contexto no que se produciron os inicios da

Literatura infantil e xuvenil galega, esta achega detense na produción de autoras pioneiras non analizadas polo miúdo noutras intervencións deste panel. Así mesmo, aproximábase ao labor das mulleres que comezaron a ilustrar obras en lingua galega para os máis novos e no das tradutoras que verteron ao galego textos procedentes doutros sistemas literarios. Finalmente, achégase ao papel daquelas mulleres que exerceron a investigación e a crítica da Literatura infantil e xuvenil galega desde os seus inicios.

V. Do mar e as baleas. Unha achega a narrativa infantil de Xohana Torres (Begoña Regueiro Salgado)

A condición pioneira de Xohana Torres na literatura infantil e xuvenil non é algo novo e xa foi estudada por Montse Pena con anterioridade. Mesmo a temática da súa obra adulta foi minuciosamente analizada por Olga Novo. Porén, parece que a análise da súa obra infantil e xuvenil quedou por explorar, quizais por non ser considerado o mellor da súa produción. O que me propoño neste traballo é facer unha análise minuciosa das dúas obras fundamentais da autora no campo da LIX, *Polo mar van as sardiñas* e *Pericles e a balea* tendo en conta o reflexo das súas preocupacións fundamentais e facendo especial fincapé no tratamento das figuras femininas.

Bibliografía

- Blanco, Carmen (1991): *Literatura Galega da muller*. Vigo: Xerais.
- Neira Rodríguez, Marta, Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto López (2018): *As mulleres como axentes literarios na LIX do século XXI*. Vigo: Xerais.
- Pena Presas, Montse (2018): *Feminismo e Literatura Infantil en Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Pena Presas, Montse (2010): “A muller contra a marea. Xohana Torres, pioneira de literatura infantil galega” *Grial* 188/XLVIII, pp. 44-51.
- Queizán, María Xosé (coord.) (1988): *Festa da palabra silenciada*. Núm. 5. Nenas. Vigo.

- Roig Rechou, Blanca-Ana. (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*. Vigo: Xerais.
- Torres, Xohana (2004): *Polo mar van as sardiñas*. Vigo: Galaxia, Colección Árbore.
- Torres, Xohana (1984): *Pericles e a balea*. Vigo: Galaxia, Colección A chalupa.

Biodata

Alexia Dotras Bravo é licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega, doutora en Literatura española pola Universidade de Vigo cunha tese sobre os conceptos de sanchificación e quixotización de Salvador de Madariaga. É máster en Literatura infantil e promoción da lectura pola Universidad de Castilla-La Mancha. Hai mais de seis anos que é profesora adxunta da Escola Superior de Educación de Bragança (Portugal). Publicou uns cincuenta traballos científicos en áreas da literatura española (cervantista e siglodorista), galega (especialmente comparada coa portuguesa), infantil (galega e castelá) e didáctica da literatura, canon escolar, clásicos para a infancia, etc.

Montse Pena Presas (Sada, 1981) é doutora e licenciada en Filoloxía Galega pola USC, onde imparte aulas na área de Didáctica da Lingua e da Literatura. Como investigadora está especializada en literatura infantil e xuvenil, educación literaria e estudos de xénero. Autora de diferentes materiais didácticos, dos ensaios divulgativos *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* (2013), *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (2018) e de diferentes investigacións sobre Carlos Casares, Agustín Fernández Paz, Manuel María ou Xohana Torres, exerce tamén a crítica literaria en medios coma o *Faro de Vigo*, *Grial* ou a Radio Galega.

Lidia López Teixeira é licenciada en Filoloxía galega e Filoloxía portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora de ensino secundario, compatibiliza o seu traballo con docencia e actividades para persoas maiores. É membro do grupo ELLI (Educación Literaria y Literatura Infantil) da Universidade Complutense de Madrid.

As súas áreas de interese son a educación literaria e as metodoloxías de ensino de linguas.

Marta Neira Rodríguez é licenciada en Filoloxía Galega e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre Literatura infantil e xuvenil. Profesora na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e na Escola CEU de Maxisterio de Vigo-Universidade de Vigo. Secretaria da Rede Temática de Investigación “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI). Forma parte do persoal científico do ICE; é membro do Grupo de Investigación LITER21 (GI-1839) da USC e, ata 2012, tesoureira da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil. ELOS, sección da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ). Participa nos proxectos “Bibliografía da Literatura Galega”, “Dicionarios de literatura”, “Informes de Literatura”, “Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil” e “Narrativa recuperada” do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, ademais doutros proxectos a nivel autonómico e estatal. Autora de monografías, artigos e recensións sobre Literatura e Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Entre estas publicacións atópase a súa participación na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou.

Begoña Regueiro Salgado é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid coas especialidades de Literatura Española e Literatura Española do séc. XX, e co título de profundización en Lingua e Literatura Galegas. É doutora en Literatura Española, con mención de doutora europea, pola Universidade Complutense de Madrid, coa tese de doutoramento *La Poética del Segundo Romanticismo español*. Na actualidade é Profesora contratada doutora no departamento de Didáctica da Lingua e da Literatura da Facultade de Educación da Universidade Complutense de Madrid, onde imparte Literatura e Literatura Infantil, e dirixe o Grupo de Investigación